

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

8784 *Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición.*

A recentemente aprobada Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle, no seu artigo 35, como nova forma de comunicación audiovisual a televisión en alta definición.

Pola súa vez, a disposición adicional quinta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre, establece que o Goberno fixará as condicións para a emisión de canles de televisión de alta definición.

A normativa adoptada en España para a emisión da televisión dixital terrestre é a do Digital Video Broadcasting Group (DVB), adoptada, pola súa vez, polo Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI). Esta normativa permite tamén as emisións en alta definición con esta mesma tecnoloxía.

A televisión en alta definición supón unha mellora considerable da calidade da imaxe con respecto ás emisións de televisión con definición estándar. Estas emisións en alta definición requiren maior capacidade de transmisión que as de definición estándar, polo que para facer unha utilización eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico cómpre utilizar técnicas de compresión do sinal de vídeo máis eficaces.

Este real decreto posibilita a prestación do servizo de televisión dixital terrestre en alta definición en España ao fixar as condicións técnicas para poder levar a cabo tales emisións.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ao Consello Asesor de Telecomunicacións e da Sociedade da Información e o proxecto conta co informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das condicións e das especificacións técnicas que se deberán cumprir para efectuar as emisións de televisión dixital terrestre en alta definición.

Artigo 2. *Emisión de canles dixitais de televisión terrestre en alta definición.*

1. As entidades ás cales se lles asigne a explotación íntegra dun múltiple dixital poderán emitir canles dixitais en alta definición coas características técnicas establecidas neste real decreto.

En todo caso, para a emisión de canles de televisión dixital terrestre en alta definición será necesaria a notificación previa á autoridade administrativa que outorgou o título habilitante para a prestación do servizo.

2. No suposto de que a explotación dun múltiple dixital non corresponda integramente a unha entidade, senón que sexa compartida entre varias, calquera delas poderá emitir canles de televisión dixital terrestre en alta definición, sempre e cando exista acordo entre todas as entidades que compartan o múltiple e así lle sexa notificado previamente á autoridade administrativa que outorgou o título habilitante para a prestación do servizo.

Os conflitos de carácter técnico que xurdan entre as entidades pola emisión de canles de televisión dixital terrestre en alta definición nos supostos en que a explotación do múltiple sexa compartida por varias entidades serán resoltos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 3. Especificacións técnicas das emisións de televisión dixital terrestre en alta definición.

As emisións de televisión dixital terrestre en alta definición deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) A resolución vertical da compoñente de vídeo será igual ou superior a 720 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:9.
- b) O sistema de codificación de vídeo será conforme coa norma internacional de telecomunicacións da Recomendación UIT-T H.264: «Codificación de vídeo avanzada para servizos audiovisuais xenéricos» equivalente á norma ISO/IEC 14496-10, referenciada habitualmente como H.264/MPEG-4 AVC.
- c) As especificacións técnicas de transmisión serán conformes coa norma europea de telecomunicacións EN 300 744.
- d) En función da evolución tecnolóxica, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá decidir o uso doutros sistemas de codificación de vídeo sempre e cando sexan, polo menos, tan eficientes coma o indicado na alínea b) anterior.

Disposición adicional única. Aparellos receptores de televisión dixital terrestre.

1. Os aparellos receptores de televisión dixital terrestre, dotados dunha pantalla cunha diagonal visible igual ou superior a 53 centímetros (21 polgadas), que se poñan no mercado español transcorrido o prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto, ademais de estaren preparados para sintonizar as emisións de televisión dixital terrestre, deberán incorporar o sintonizador para as emisións en alta definición coas especificacións técnicas indicadas neste real decreto.

2. Os fabricantes de equipamentos receptores de televisión deberán indicar e informar o usuario clara e detalladamente sobre as capacidades de cada receptor de televisión posto á venda, e incluír, en particular, as especificacións relativas á recepción da televisión dixital terrestre, á alta definición e outras funcionalidades adicionais.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo.

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 20 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN